



ACTA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL NO MARCO DO ACORDO DE COLABORACIÓN ASINADO O 17 DE XUÑO DE 2016 PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS PÚBLICAS CON INCIDENCIA NO SECTOR TURÍSTICO PROMOVIDAS NO TERRITORIO DE GALICIA AO ABEIRO DO PDR 2014-2020.

En Santiago de Compostela, na sala de xuntas da Sede Social da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), ás 10:00 horas do día 16 de marzo de 2017 reúnense os membros da Comisión de Seguimento entre a Axencia de Turismo de Galicia (en adiante ATURGA) e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, AGADER) no marco do acordo de colaboración asinado o 17 de xuño de 2016 para a coordinación de actuacións públicas con incidencia no sector turístico promovidas no territorio de Galicia ao abeiro do PDR 2014-2020.

Asisten:

- D. Miguel Ángel Pérez Dubois, Director Xeral da AGADER.
- Dna. María Nava Castro Domínguez, Directora Xeral da ATURGA.
- D. Severino Álvarez Monteserín, Secretario Xeral da AGADER.
- D. José Luis Maestro Castiñeiras, Director de competitividade da ATURGA.
- D. Javier Blanco Carballal, Subdirector de relacións cos GDR da AGADER.

Constatada a existencia do quórum necesario, iniciase a Comisión cos seguintes temas a tratar:

Previo ao discorrer da orde do día, a comisión de seguimento dispón que Javier Blanco Carballal faga as labores de Secretario da mesma e levante polo tanto acta da reunión.



1. Situación dos expedientes

Na cláusula VII (Comisión de Seguimento e solución de controversias do convenio) prevese a constitución da Comisión de Seguimento para resolver os problemas e controversias que poida suscitar o convenio na súa execución, así como para informar sobre a conveniencia e utilidade de subvencionar investimentos turísticos no medio rural, tendo en conta o impacto socioeconómico do proxecto e a contribución deste á recuperación do patrimonio arquitectónico ou natural, á creación de emprego, á atracción de novos visitantes e a desestacionalización da oferta.

D. José Luis Maestro Castiñeiras, como Director de competitividade da ATURGA expón as características e idoneidade de cada un dos casos incluídos na orde do día e que foron previamente presentados polos diferentes promotores ante os Grupos de Desenvolvemento rural (GDR) correspondentes ao seu territorio de orixe.

Logo da valoración dos diferentes proxectos, e en base ao informes emitidos pola ATURGA e a análise da propia Comisión de Seguimento, tómanse as seguintes determinacións:

- A) Autorizar a tramitación ao abeiro da submedida 19.2 do Leader Galicia 2014-2020 por cumprir cos obxectivos dispostos no convenio os seguintes expedientes:



Proxectos		
número	Promotor	GDR
1	Aloia Expora Center S.L	Baixo Miño
3	Hotel Restaurante A queimada	Baixo Miño
5	Guerrero Riveiro Figueiró	Baixo Miño
7	Mercedes Seoane Bravo	Ulla Tambre Mandeo
8	Jose Ignacio Espasandín Pérez	Deloa
9	Viroma Caldas S.L	Salnés Ulla Umia
11	José Manuel Sieira Lago	Costa da Morte
12	Carmen Rey Saavedra	Seitura 22
13	M ^a del Mar Carrillo Mudarra	Mariñas Betanzos
14	Aloxamentos singulares S.L	A Limia Arnoia
15	Ruth Gundín Villar	Pontevedra Morrazo
17	Costruma Pazos S.L	A Limia Arnoia
19	Estrella Busto Espasandín	Costa da Morte
20	Manuel Antonio París Blanco	Costa da Morte



- B) Non autorizar a tramitación ao abeiro da submedida 19.2 do Leader Galicia 2014-2020 por non cumprir cos obxectivos dispostos no convenio os seguintes expedientes:

Proxectos		
número	Promotor	GDR
2	Mariela Villar Romarís	Baixo Miño
4	Elena Guerrero Fernández	Baixo Miño
10	Fidel Pampillón Lorenzo	Baixo Miño
16	Rodolfo Oscar Lage Díaz	Miño-Ulla
18	Lamas Abelleira S.C	A Limia Arnoia

2. D. Javier Blanco Carballal, plantexa na comisión tres cuestión sobre o modo de interpretar algunhas disposicións do convenio:

3.

- a. **Actuacións de sinalización:** Tal e como establece o convenio, as actuacións de sinalización e accesibilidade aos recursos turísticos no medio rural son competencia da ATURGA, se ben a comisión entende que a medida Leader poderá financiar aqueles proxectos de sinalética "in situ" que forme parte dun proxecto global de posta en valor dun



recurso turístico a modo de identificación/denominación do propio recurso ou información histórica-artística relativa ao mesmo. Quedan excluído do Leader en todo caso a sinalética de localización en vías de comunicación.

- b. **Acondicionamento de salas e o seu mobiliario:** Tal e como establece o convenio, o acondicionamento de salas e o seu mobiliario son competencia da ATURGA, se ben a comisión entende que a medida Leader poderá financiar aqueles acondicionamentos de salas que formen parte dun proxecto de ámbito global de posta en valor dun recurso turístico, e dicir, que o acondicionamento da sala e o seu mobiliario sexa un accesorio para o Desenvolvemento do proxecto en si, e non o propio proxecto.

Expl. Acondicionar unha sala para expoñer as pezas dunha escavación arqueolóxica dun Castro cando o proxecto é a posta en valor de dito Castro.

- c. **Melloras nas casas de turismo rural:** O convenio habilita financiar con cargo a medida Leader investimentos que supoñan melloras en establecementos de aloxamento e restauración que estean en funcionamento, sempre que as mesmas supoñan a obtención dun recoñecemento dun aumento de categoría. Unha vez as casas de Turismo Rural non teñen establecido a día de hoxe un réxime de categorías, poderán financiarse con cargo a medida Leader aquelas melloras desta tipoloxía de establecementos que supoñan unha mellora substancial na calidade do seu servizo aos clientes, e que será valorada en todo caso pola comisión de seguimento deste convenio.



Unha vez tratados estes temas, dáse por rematada a reunión da comisión de seguimento as 11.15 horas.

*Xúntanse a acta os informes da ATURGA para cada un dos expedientes avaliados.

Santiago de Compostela, a 16 de marzo de 2017

O secretario

Javier Blanco Carballal

Subdirector de relación cos GDR

Miguel Ángel Pérez Dubois

María Nava Castro Domínguez

Director Xeral da AGADER

Director Xeral da ATURGA

Severino Álvarez Monteserín

Secretario Xeral da AGADER

Jose Luis Maestro Castiñeiras

Director de Competitividade da ATURGA